



# RECUNCHOS MÁXICOS

Ao redor das cabanas podes atopar varios «**Recunchos Máxicos**».  
Achégate ata eles. Pódenche contar moitos segredos da vida nesta contorna.



Xeolocalización



- Ⓐ O Piñeiro
- Ⓑ O Retorno
- Ⓒ O Regadoiro
- Ⓓ Pedra de Namorar
- Ⓔ Cova do Raposo

## **A** O PIÑEIRO

### **As árbores e a auga danlle vida a esta contorna**

Cada unha destas árbores é unha verdadeira fábrica e sustento de vida. A luz fíltrase entre as súas ramas para chegar ata o chan. A choiva escorre polas súas cortizas bañando a hedra e dándolles de beber ás raíces.

Baixo o solo, a vida continúa. A auga acumúlase baixo a terra nunha mina. Non é de ouro; é unha mina de auga, pero unha auga limpa e fresca que pode apagar a túa sede, é dun valor incalculable.

Todo muda, nada permanece. Cada instante é diferente. Cando volvas, será distinto. Pero o que levarás de cada vez é un tesouro de vida en constante metamorfose que regala alento e tranquilidade.



## **B** O RETORNO

### **As voces, cheas de lembranzas, volven a ti**



O silencio (espazo sen voz). O silencio da natureza nútrese dos seus sons: as follas golpeadas polo ar, as pingas de choiva no chan, o vento zoando entre as árbores, os paxaros cos seus cantos, a auga a correr no regato...

Sons que mudan, que van e veñen. Como a túa voz neste punto, que grazas ao eco viaxará con billete de ida e volta. É un efecto de retorno que lle dá nome a este lugar.

Quererás regresar ao balbordo sereno destes sons. De seguro, sentirás morriña por volver sen ter aínda marchado.

## **C** O REGADOIRO

### **As mulleres deste lugar regaron con historias de vida estas leiras**

Neste lugar a vida, as historias de vida, fluían polas bocas, mans, ollos e corazóns das mulleres que aquí viñan lavar. Facer que a roupa de toda a familia lucise ben limpa era unha máis das interminábeis e duras tarefas do día a día que curtían o corpo e a alma das nosas avoas. As augas corrían por este lavadoiro, hoxe en desuso, regando as leiras e levando consigo parte das ledicias e das tristuras destas aguerridas mulleres.



Esta imaxe rescátase do pasado, en parte grazas á túa ollada. Cómpre recuperar estes espazos e as mulleres que lles deron vida como forma de outorgarlles un xusto e merecido recoñecemento.

## **D** PEDRA DE NAMORAR

### **Estas pedras gardan segredos de amor**



Olla como se achegan e relacionan entre si as pedras nesta contorna. Unhas forman muros que separan. Outras parecen unirse nun bico furtivo coa árbore máis próxima. Algunhas, máis alá, lembran o respecto á morte dos devanceiros. De certo que moitas delas serviron para o repouso dos corpos cansados que paraban tomar folgos no medio das duras tarefas do monte.

Instantes de lecer e risas para darlle un pouco de levidade á vida que, de por si, xa era bastante pesada.

E da risa ao amor non hai tanto. Que bo lugar para mocear, non cres?

Segredos e confidencias retidos nestes corazóns de granito agardando serlle desvelados a quen logre escoitar o murmuro das súas voces. Podes oílas?

# **E** COVA DO RAPOSO

## **Aquí agóchase un verdadeiro fogar en plena natureza**

Aquí, diante mesmo dos teus ollos, hai moitos fogares ocultos. Non os podes ver a simple vista, porque a súa función é protexer e dar acubillo aos seus moradores. Como a túa propia casa contigo! Fíxate neste buraco no chan. Un animal tan intelixente como o raposo decidiu instalarse nesta zona e facer nela o seu fogar para criar a súa familia. Esta casiña dúralle varios anos e é por iso que traballa nela, para que estea sempre perfecta e adaptada ás súas necesidades, que van mudando ao longo do tempo. Fai máis vida de noite que de día e non é moi exquisito nin selectivo á hora de procurar alimento para saciar a súa fame. Se cadra, persoas e raposos temos máis en común do que parece. Será por iso que adoitamos convivir con bastante harmonía nun mesmo territorio? O teu fogar espérate alí de onde vés. Mentres, queremos que aquí, en plena natureza, te sintas coma na casa.

